

**INFORMACIÓN PARA AS
FAMILIAS**

**Medidas de atención á diversidade
na Educación Secundaria
Obrigatoria**

MEDIDAS CURRICULARES	Titoría
	Adaptación curricular individualizada
	Reforzo, recuperación e outros apoios
	Optatividade
MEDIDAS DE TIPO ORGANIZATIVO	Agrupamentos específicos
	Permanencia dun ano máis
	Apoio a alumnos con necesidades especiais
	Diversificación curricular

MEDIDAS CURRICULARES	<u>REFORZO EDUCATIVO</u>
	<p>O reforzo educativo é a primeira medida en aplicarse cando hai dificultades de aprendizaxe. É o profesor/a da materia o que decide a incorporación do alumno a esta medida. A asistencia ten carácter obrigatorio computándose como falta a non asistencia ó mesmo.</p>
	<u>ADAPTACION CURRICULAR INDIVIDUALIZADA</u>
	<p>Medida extraordinaria. A Adaptación Curricular Individualizada é a proposta curricular individualizada para un alumno/a. Nesta proposta introdúcense modificacións importantes ou significativas do que debe aprender o alumno/a (currículo común). Ás veces, pode ser necesario eliminar ou potenciar algúns obxectivos e contidos do currículo de referencia (o que o alumno debe aprender) do curso/ciclo e introducir outros doutro curso/ciclo ou etapa anterior ou posterior para afianzar as aprendizaxes básicas.</p> <p>A conveniencia desta medida vén determinada pola avaliación psicopedagóxica do alumno que realiza o Departamento de Orientación. O deseño e desenvolvemento da medida é responsabilidade do profesor/a da materia. A titora é a responsable de informar á familia sobre a aplicación da mesma.</p>

MEDIDAS ORGANIZATIVAS	<u>AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS</u>
	<p>Medida de apoio para alumnos/as con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe nas áreas de Matemáticas e Lingua castelá. Con carácter xeral, os alumnos deben ter os mesmos obxectivos que o seu grupo de referencia (se están en 1º da ESO serán os obxectivos de 1º e de estar en 2º os de 2º)</p> <p>Os agrupamentos teñen carácter transitorio, querendo isto dicir que poden permanecer nestes agrupamentos ou saír deles en función da consecución dos obxectivos. Esta medida lévase a cabo en horario escolar.</p> <p>A decisión de proporcionar esta medida ao alumnado é do profesorado que imparte a materia (Lingua castelá e Matemáticas). A familia debe ser coñecedora da aplicación desta medida sendo o centro o responsable de proporcionar esta información.</p>
	<u>ATENCIÓN EDUCATIVA</u>
	<p>Esta medida está dirixida a alumnado con dificultades continuadas de aprendizaxe, en particular na área de Lingua.</p> <p>O alumnado quedará exento do segundo idioma estranxeiro para recibir reforzo educativo nas áreas instrumentais (lingua castelá e Matemáticas).</p> <p>No caso do alumnado de 1º da ESO, a decisión de adopción desta medida vé dada polo grao de desenvolvemento das competencias en Educación Primaria así como polo resultado da avaliación inicial realizada polo profesorado do centro e o asesoramento do Departamento de Orientación.</p> <p>A familia debe ser coñecedora da aplicación desta medida sendo o centro o responsable de proporcionar esta información.</p>
	<u>ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA</u>
	<p>Trátase dunha medida que intenta resolver un problema específico de aprendizaxe (lectura, escritura, atención, memorización, etc.). Lévese a cabo fóra da aula por parte do profesor de pedagogía terapéutica.</p> <p>A decisión de adopción desta medida vén dada pola valoración do profesorado que imparte clase a ese alumno/a co asesoramento do Departamento de Orientación.</p> <p>A familia debe ser coñecedora da aplicación desta medida sendo o centro o responsable de proporcionar esta información.</p>